



## A protección social da muller en Galicia

O concepto de protección social fai referencia a unha serie de medidas máis amplas que as estrictas de Seguridade Social, incluíndo outras medidas de protección social públicas como o fomento do emprego ou a protección de colectivos marxinais ou desfavorecidos da sociedade. Este capítulo trata de analiza-la protección social da muller en Galicia para o que comezaremos coa análise das prestacións da Seguridade Social para completa-la análise co estudio dos restantes subsidios e prestacións que integran a citada protección social.

No que respecta ás **prestacións económicas da Seguridade Social** e, en concreto, ás prestacións do Réxime Xeral da Seguridade Social, non existe base para considera-la existencia de diferencias nas prestacións en función do sexo do titular ou beneficiario da prestación, o que non implica a non existencia de prestacións exclusivas para mulleres.

Dentro das prestacións económicas da Seguridade Social, é preciso prestar especial atención ás pensións contributivas, xa que supoñen

aproximadamente o 97% do total de pensións do sistema.

O número de pensións contributivas en vigor en Galicia a 31 de decembro do ano 2001 era de 673.877, sendo as máis numerosas as pensións de xubilación (63,5%), seguidas das de viuvez (24,1%), estando xa en cifras menores as pensións por incapacidade permanente (7,8%) e orfandade e favor familiar (3,7%) (**cadro 4.1.**).

Por provincias, o maior número de pensións contributivas concéntrase nas provincias de A Coruña e Pontevedra, co 36,6% e o 28,5% do total, respectivamente, manténdose a mesma orde nos distintos tipos de pensións.

No que respecta á evolución respecto do ano anterior, o número total de pensións incrementouse nun 0,9%, a pesar das reducións no número de pensións por incapacidade permanente e as de orfandade e favor familiar.

No que respecta á distribución por sexos das pensións de nivel contributivo, non existen datos

4.1.

*Pensións contributivas 2000-01: distribución segundo tipo*

	Total		Incapacidade permanente		Xubilación		Viudedade		Orfandade e favor familiar	
	2000	2001	2000	2001	2000	2001	2000	2001	2000	2001
A Coruña	243.330	247.004	20.480	21.019	151.693	153.609	61.056	62.296	10.101	10.080
Lugo	124.162	124.147	9.830	9.374	83.486	83.643	27.688	27.992	3.158	3.138
Ourense	109.800	110.210	7.851	7.970	74.325	74.335	24.332	24.623	3.292	3.282
Pontevedra	190.128	192.516	19.877	19.375	114.577	116.585	46.970	47.902	8.705	8.654
Galicia	667.420	673.877	58.038	57.738	424.081	428.172	160.046	162.813	25.256	25.154
España				788.200		4.571.100		2.058.500		
%Galicia/España				7,33		9,37		7,91		

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

desagregados a nivel provincial nin autonómico. Sen embargo, en aras de conseguir unha aproximación pódese utilizar a porcentaxe a nivel estatal.

A nivel estatal a porcentaxe de mulleres titulares dunha pensión por incapacidade permanente é do 29,9%, o que trasladado ó ámbito autonómico implicaría a existencia en Galicia de máis de dezasete mil mulleres cunha pensión por incapacidade permanente.

En relación as pensións por xubilación, a nivel estatal a porcentaxe de mulleres é do 33,2%, o que levaría a un número de máis de catorce mil mulleres titulares deste tipo de pensión.

Finalmente, a porcentaxe estatal de mulleres cunha pensión de viuvez é do 93,2% do total, o que implicaría a existencia en Galicia de máis de cento cincuenta mil mulleres titulares.

Esta mesma aproximación pode utilizarse para calcula-la desagregación por sexos do número de beneficiarios do subsidio por desemprego. A nivel estatal do total de beneficiarios a un de xaneiro de 2001, o 49% eran mulleres, o que implicaría a existencia en Galicia, na mesma data, de máis de 36 mil mulleres beneficiarias do citado subsidio.

Se a amplitude legal da cobertura obxectiva do sistema da Seguridade Social non difire segundo se trate de homes ou mulleres, como consecuencia da determinación legal do ámbito subxectivo, pódense derivar diferencias nalgunhas prestacións, o que acontece en certos casos en relación con algúns **réximes especiais**.

No que se refire ó **Réxime Especial Agrario** (REA), derivase unha insuficiencia de cobertura no caso das mulleres que exercen a súa actividade dentro da unidade familiar. Conforme a súa regulamentación específica (art 2.2 Decreto 2123/1971 de 21 de xullo), intégranse por dereito propio no REA da Seguridade Social *“os traballadores españois, calquera que sexa o seu sexo e estado civil, que en forma habitual e como medio fundamental de vida realicen labores agrarias, sexan propiamente agrícolas, forestais ou pecuarias, dentro do territorio nacional (...)”*, entendéndose que concorren os requisitos de habitualidade e medio fundamental de vida cando o traballador dedique a súa actividade ás labores descritas, e delas obteña os principais ingresos para atende-las súas propias necesidades e as dos familiares ó seu cargo, aínda cando con carácter ocasional realice outros traballos non especificamente agrícolas. Así mesmo establécese que *“polo que ós traballadores por conta propia se refire, presúmese que ditos ingresos non constitúen o seu medio fundamental de vida cando o traballador, o seu cónxuxe ou os parentes ata o terceiro grao por consanguinidade ou afinidade que con el convivan sexan titulares dun negocio mercantil”*.

No que respecta ó **Réxime Especial do Mar** (REM), o terceiro grupo de cotización aplícase ós traballadores por conta propia e autónomos e, en todo caso, a traballadores á parte que presten servizos en embarcacións de ata 10 toneladas de rexistro bruto. Este grupo de cotización ten especial importancia en Galicia ó englobarse neste grupo o subsector do marisqueo a pé, que, en moitos casos, aínda hoxe é unha actividade económica complementaria. Segundo datos proporcionados



dos pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, na campaña 2000-01 renováronse 6.737 permex, e desagregando por sexos, destacar que o 85% das traballadoras deste sector son mulleres.

A distribución por sexos é constante en todas as zonas, variando unicamente na provincia de A Coruña, onde os homes acadan un 25% dos permisos de explotación para o marisqueo a pé.

A distribución por idades vai a dar un referente básico á hora de facer valoracións sobre o sistema de cobertura social do sector. O envellecemento do sector é claro: o 73% do sector ten máis de 40 anos de idade e un total de 3.138 mariscadoras teñen máis de 50 anos, o 46% do total das empregadas do sector. Só 663 mariscadoras teñen unha idade comprendida entre os 18 e 30 anos, o 9,8%.

O **Réxime Especial de Empregados do Fogar**, que afecta sobre todo a mulleres, ten unha menor cobertura das súas prestacións, inferiores ás do Réxime Xeral, en aspectos como a incapacidade temporal e a cobertura de desemprego, da que carece, incluído o nivel asistencial, e ata datas recentes tamén en relación ós accidentes de traballo.

### Loita contra a pobreza

A pobreza presenta perfís alarmantes nos sectores excluídos dos sistemas de protección social, caracterizados tanto pola súa severidade como pola tendencia á cronificación.

Neste contexto, e dada a carencia xa analizada de prestacións ordinarias para dar cobertura ós colectivos máis desfavorecidos, xorde a Lei 9/1991, galega de medidas básicas para a inserción social, que ten por obxecto a creación e o desenvolvemento dun conxunto coordinado de medidas orientadas á loita contra a pobreza, articulándose a través dunha serie de instrumentos que analizaremos a continuación.

A **renda de integración social** de Galicia (Risga) é unha prestación destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar a súa autonomía e inte-

gración normalizada mediante un proxecto personalizado de inserción.

Contempla dous tipos de medidas:

a) Prestación económica.

b) Proxecto de inserción, constituído por un conxunto de actuacións tendentes á mellora da integración persoal, familiar, social e, se é o caso, laboral do beneficiario.

Dende 1992, que foi o primeiro ano de aplicación, a 2001, os beneficiarios pasaron de 554 a 4.357.

Do total de beneficiarios da Risga a 31 de decembro do 2001 (os xa citados 4.357), o 68% eran mulleres e o 32% restante homes. No **cadro 4.2.** móstrase a súa distribución por idades e sexo, observándose que o 61% das mulleres beneficiarias (1.807) teñen entre 25 e 44 anos, sendo a franxa de idade cun maior número de beneficiarias; o 35% pertence á de 25 a 34 anos. No caso dos homes a franxa de idade cun maior número de beneficiarios é a de 35 a 44 anos, cun 28% do total (390).

A distribución provincial en valores absolutos dos beneficiarios da Risga, exposta no **cadro 4.3.**, mostra como o 82,5% das mulleres beneficiarias no ano 2001 residen nas provincias de A Coruña e Pontevedra, unha porcentaxe 0,5 puntos menor á correspondente ó ano anterior.

Finalmente, salienta-lo feito de que das catro provincias galegas, só Pontevedra experimentou un incremento no período 2000-01 do número de beneficiarios da Risga, un incremento do 0,5% en ámbolos dous sexos que ven dado polo incremento do número de beneficiarias do 3,5% que compensa a redución no número de homes beneficiarios na provincia, que descendeu un 6,5%.

No que respecta ó estado civil dos beneficiarios tamén existe diferenza entre sexos. Así, a maior porcentaxe de mulleres beneficiarias están separadas, o 35%, ou solteiras, o 34%, o que significa que do total de mulleres beneficiarias, 2.043 están ou ben solteiras ou separadas. No que respecta ós homes o 50% dos beneficiarios son solteiros, seguido do 28% que son casados (**cadro 4.4.**).

4.2.

**Beneficiarios da RISGA 2001: distribución segundo sexo e idade**

	Homes	Mulleres	Total
	(%)		
Menos de 25 anos	8	18	15
De 25 a 34 anos	23	35	30
De 35 a 44 anos	28	26	27
De 45 a 54 anos	25	14	18
De 55 a 64 anos	16	7	10
<b>Total</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais

4.3.

**Beneficiarios da RISGA 2000-2001: distribución segundo sexo**

	2001			2000		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
A Coruña	1.731	491	1.240	1.887	535	1.352
Lugo	426	163	263	453	168	285
Ourense	421	184	237	447	233	214
Pontevedra	1.578	445	1.133	1.570	476	1.094
<b>Total</b>	<b>4.156</b>	<b>1.283</b>	<b>2.873</b>	<b>4.357</b>	<b>1.412</b>	<b>2.945</b>

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais

4.4.

**Beneficiarios da RISGA 2001: distribución segundo sexo e estado civil**

	Homes	Mulleres	Total
	(%)		
Solteiro/-a	50	34	39
Casado/-a	28	17	20
Separado/-a	13	35	28
Divorciado/-a	4	4	5
Unión consensuada	3	5	4
Viuvo/-a	2	5	4
<b>Total</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais

4.5.

**Beneficiarios da RISGA 2001: distribución segundo sexo e tipo de convivencia**

	Homes	Mulleres	Total
	(%)		
Vive só	55	17	29
En parella	4	3	3
Familia nuclear	28	55	47
Familia ampla	4	16	12
Familia de orixe	4	5	4
Familia substitutiva	-	-	-
Institución	2	-	1
Outros	3	4	4
<b>Total</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais



4.6.

**Beneficiarios da RISGA 2001: distribución segundo sexo e tipo de vivenda**

	Homes	Mulleres	Total
	(%)		
Sen vivenda	3	2	2
Piso	33	55	48
Unifamiliar	40	33	35
Pensión	6	1	3
Chabola	10	6	7
Vivenda prefabricada	1	-	1
Institución	3	1	1
Outros	4	2	3
<b>Total</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais

4.7.

**Beneficiarios da RISGA 2001: distribución segundo sexo e nivel de estudos rematados**

	Homes	Mulleres	Total
	(%)		
Analfabeto	6	4	5
Sabe ler/escribir	58	50	53
Primarios	30	38	36
Secundarios	4	5	3
Superiores	1	1	1
Outros	1	2	2
<b>Total</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais

4.8.

**Beneficiarios da RISGA 2001: distribución segundo sexo e profesión**

	Homes	Mulleres	Total
	(%)		
Ama Casa	1	21	15
Trab. Sen cualificar	80	70	73
Trab. Cualificado	4	3	3
Estudiante	-	-	1
Agricultor	6	1	2
Mariñeiro	-	-	-
Técnico medio	-	-	-
Técnico superior	-	-	-
Sen profesión definida	6	5	5
Outros	3	-	1
<b>Total</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais

4.9.

**Beneficiarios da RISGA 2001: distribución segundo sexo e situación laboral**

	Homes	Mulleres	Total
	(%)		
Conta propia	2	1	1
Conta allea	4	5	5
Prácticas/Formación	1	-	-
Temporal	4	2	3
Parado con subsidio	1	1	1
Parado sen subsidio	87	90	89
Busqueda 1º emprego	1	1	1
Pensionista invalidez	-	-	-
Outras prestacións	-	-	-
Estudiante	-	-	-
Outros	-	-	-
<b>Total</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais

4.10.

**Beneficiarios das Axudas de Emerxencia Social 2000-01: distribución segundo sexo e provincia de residencia**

	2001			2000		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
<b>A Coruña</b>	427	111	316	342	111	231
<b>Lugo</b>	224	77	147	189	69	120
<b>Ourense</b>	254	92	162	184	63	121
<b>Pontevedra</b>	568	175	393	529	160	369
<b>Total</b>	1.473	455	1.018	1.244	403	841

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais

4.11.

**Orzamentos executados e beneficiarios das Axudas de Emerxencia Social 2000-01**

Provincia	2000		2001		2001/00	
	nº beneficiarios	Orzamento (euros)	nº beneficiarios	Orzamento (euros)	nº beneficiarios	Orzamento
<b>A Coruña</b>	342	310.287,04	479	363.155,55	40,06	17,04
<b>Lugo</b>	189	195.108,11	297	253.174,20	57,14	29,76
<b>Ourense</b>	184	232.587,53	322	325.279,92	75,00	39,85
<b>Pontevedra</b>	529	348.460,75	733	459.749,34	38,56	31,94
<b>Total</b>	1.244	1.086.443,43	1.831,00	1.401.359,01	47,19	28,99

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

Como nos casos anteriores, obsérvanse diferenzas tanto no tipo de convivencia dos beneficiarios coma no tipo de vivenda. Así, tal como se mostra nos **cadros 4.5. e 4.6.**, o 55% das mulleres beneficiarias teñen unha familia nuclear e viven nun piso a mesma porcentaxe, mentres que o 55% dos homes viven sos, sendo o tipo de vivenda cunha porcentaxe máis elevada, o 40%, a unifamiliar.

A pesar destas diferenzas existe unha clara coincidencia nas porcentaxes de estudos e profesión dos beneficiarios. Neste senso, o 53% do total de beneficiarios só saben ler e escribir, nos que se inclúen o 50% do total de mulleres e o 58% do total de homes. Por outra banda, o 73% do total de beneficiarios son traballadores sen cualificar, o 80% do total de homes e o 70% das mulleres. E por último destacar que o 89% dos beneficiarios son parados sen dereito a subsidio, estando nesta situación o 87% das mulleres e o 90% dos homes beneficiarios (**cadros 4.7., 4.8. e 4.9.**).

O orzamento previsto da Risga no ano 2001 foi de 13.397.901 euros, pasando no ano 2002 a 14.808.941 euros, con 4.700 persoas beneficiarias previstas.

O **cadro 4.10.** mostra a distribución segundo a provincia de residencia dos beneficiarios das **axudas de emerxencia social (AES)** no período 2000-01. Neste senso, o total de beneficiarios das AES no ano 2001 ascendeu a 1.473, dos que o 69% eran mulleres. En relación ó ano anterior o número total de beneficiarios incrementouse nun 18,4%, pasando de 1.244 beneficiarios no ano 2000 a 1.473 no ano 2001. A tendencia alcista no número de beneficiarios é común a ámbolos dous sexos, sen embargo a intensidade no incremento é distinta, así o incremento no número de beneficiarios masculinos é do 12,9% mestres que no caso das beneficiarias é do 21%.

En relación á distribución provincial do número de beneficiarios das AES, o 69% das mulleres beneficiarias e o 62% dos homes residen nas provincias de A Coruña e Pontevedra, sendo esta última, para ámbolos dous sexos, na que residen o maior número de beneficiarios.

O **cadro 4.11** mostra ós orzamentos executados para as axudas de emerxencia social nos anos 2000 e 2001. O incremento xa sinalado do número de beneficiarios deste tipo de axudas en Galicia está asociado a un incremento no volume de orza-



## 4.12.

Pensións non contributivas 2000-01: distribución segundo tipo

	Total		Invalidez		Xubilación	
	2000	2001	2000	2001	2000	2001
A Coruña	22.598	23.060	11.281	9.170	11.317	13.890
Lugo	5.617	5.878	2.775	2.383	2.842	3.495
Ourense	7.347	7.483	3.922	3.138	3.425	4.344
Pontevedra	17.060	17.063	8.906	7.259	8.154	9.805
Galicia	52.622	53.484	26.884	21.950	25.738	31.534
España	471.275	481.586	242.416	205.098	228.859	276.488
%Galicia/España	11,17	11,11	11,09	10,70	11,25	11,41

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

mento, que entre os citados anos foi do 28,9% para o conxunto de Galicia, pasando de 1,086 millóns de euros no ano 2000 a 1,401 millóns de euros no ano 2001, o que supón un incremento do 28,9%. Por provincias, A Coruña é a única provincia que se sitúa cun incremento orzamentario menor á media galega (17%), fronte ó incremento do orzamento executada na provincia de Ourense do 39,8% respecto do ano anterior, asociado a un incremento do 75% no número de beneficiarios desta axuda na citada provincia.

Para o ano 2002, o orzamento previsto foi de 1.385.088 euros con 1.020 persoas beneficiarias previstas.

### Pensións non contributivas

As pensións non contributivas teñen a súa orixe na necesidade de outorgar unha protección axeitada e de carácter integral a aquelas persoas que carecen de recursos suficientes para atendela cobertura das súas necesidades.

As pensións non contributivas en Galicia no ano 2001 ascenderon a 53.484, das que 21.950 (41%) corresponden a pensións por invalidez e 31.534 a pensións de xubilación. O número de pensións non contributivas en Galicia supoñen o 11,11% do total deste tipo de pensións a nivel estatal (**cadro 4.12.**).

Atendendo á desagregación provincial, son as provincias de A Coruña e Pontevedra as que acollen un maior número de pensións non contributivas, tanto de invalidez como de xubilación, co 43% e o 31% do total de Galicia, respectivamente.

En relación á evolución respecto ó ano anterior, prodúcese un incremento no número de pensións do 1,6% sustentado nun aumento das pensións por xubilación dun 22,5% que compensa a redución do 18,3% das pensións por invalidez.

Como ocorre no caso das pensións contributivas, non existe unha distribución a nivel autonómico das pensións non contributivas por sexo, pero podémonos aproximar utilizando a porcentaxe a nivel estatal.

Neste senso, a porcentaxe estatal de pensións non contributivas por invalidez que corresponde a mulleres é do 60%, o que pode levar a pensar que en Galicia existen máis de trece mil mulleres titulares deste tipo de pensión.

Finalmente, a porcentaxe de pensións non contributivas de xubilación que a nivel estatal corresponden a mulleres é do 84,2%, o que aplicado a Galicia daría máis de vinteseis mil mulleres titulares deste tipo de pensión na nosa comunidade.

As prestacións social e económica universais recollidas na Lei de integración social dos minusválidos de Galicia (coñecida como **Lismi**) están dirixidas a minusválidos, entendendo como tales a todas aquelas persoas que as súas posibilidades de integración educativa, laboral ou social están diminuídas como consecuencia dunha deficiencia, previsiblemente permanente, de carácter conxénito ou non, nas súas capacidades físicas, psíquicas ou sensoriais.

O **cadro 4.13.** mostra a existencia en Galicia

4.13.

**Beneficiarios de prestación sociais e económicas universais da LISMI 2001: distribución segundo sexo, clave de prestación e dependencia**

	Total beneficiarios distintos	Subsidio garantía ingresos mínimos	Subsidio axuda de terceira persoa	Subsidio mobilidade e compensación por gastos de transporte	Asistencia sanitaria e prestación farmacéutica
<b>Galicia</b>					
<b>Varóns</b>	1.385	597	143	165	772
Independentes	457	89	18	60	370
Con familia o seu cargo	74	15	4	10	59
Dependentes de unidade familiar	854	493	121	95	343
<b>Mulleres</b>	3.517	2.490	515	297	978
Independentes	811	266	54	119	511
Con familia o seu cargo	123	68	13	9	54
Dependentes de unidade familiar	2.583	2.156	448	169	413
<b>Total</b>	4.902	3.087	658	462	1.750
Independentes	1.268	355	72	179	881
Con familia o seu cargo	197	83	17	19	113
Dependentes de unidade familiar	3.437	2.649	569	264	756
<b>España</b>					
<b>Varóns</b>	18.198	7.888	2.106	2.091	9.782
Independentes	6.420	973	300	747	5.240
Con familia o seu cargo	1.611	359	130	234	1.200
Dependentes de unidade familiar	10.167	6.556	1.676	1.110	3.342
<b>Mulleres</b>	77.141	61.458	9.117	4.683	13.562
Independentes	13.811	4.329	1.596	2.320	8.102
Con familia o seu cargo	2.365	1.677	209	242	591
Dependentes de unidade familiar	60.965	55.452	7.312	2.121	4.869
<b>Total</b>	95.339	69.346	11.223	6.774	23.344
Independentes	20.231	5.302	1.896	3.067	13.342
Con familia o seu cargo	3.976	2.036	339	476	1.791
Dependentes de unidade familiar	71.132	62.008	8.988	3.231	8.211

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

4.14.

**Beneficiarios de pensións asistenciais segundo clase de pensión e sexo (1)**

	Total pensionistas			Clase de pensión					
	Total	Home		Total	Vellez		Total	Enfermidade	
		Muller	Total		Home	Muller		Home	Muller
A Coruña	636	166	470	308	76	232	328	90	238
Lugo	123	49	74	65	26	39	58	23	35
Ourense	178	58	120	75	20	55	103	38	65
Pontevedra	176	50	126	78	19	59	98	31	67
Galicia	1.113	323	790	526	141	385	587	182	405
España	54.093	9.838	44.162	15.497	1.817	13.664	38.596	8.021	30.498
%Galicia/España	2,06	3,28	1,79	3,39	7,76	2,82	1,52	2,27	1,33

(1) datos a decembro de 2001

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

de 4.902 beneficiarios distintos da Lismi. Estes beneficiarios reciben subsidios de garantía de ingresos mínimos (3.087), subsidios para axudas de terceira persoa (658), subsidio de mobilidade e compensación por gastos de transporte (462) e asistencia sanitaria e prestación farmacéutica (1.750).

Dos 4.902 beneficiarios da prestación en Galicia, o 71,7% son mulleres, estando o 73,4%

das mesmas nunha situación de dependencia da unidade familiar. A nivel estatal, a porcentaxe de mulleres receptoras da Lismi é do 80,9%, das que o 79% viven nunha situación de dependencia familiar, en ámbolos dous casos porcentaxes superiores á media galega.

No **anexo II** expóñense os beneficiarios da Lismi distribuídos por provincias, observando que o 82,9% dos beneficiarios totais residen nas pro-





vincias de A Coruña e Pontevedra, así como o 83,8% das mulleres beneficiarias do conxunto de Galicia.

Finalmente, o **cadro 4.14.** mostra o número de beneficiarios de **pensións asistenciais** en Galicia a 31 de decembro do ano 2001, segundo clase de pensión e sexo. As pensións asistenciais divídense en pensións de vellez e de enfermidade, correspondendo ó primeiro tipo ó 47,2% do total de pensións asistenciais en Galicia no citado ano, mentres que o 52,7% restante corresponde a pensións por enfermidade. No que respecta á distribución por sexo, o 73,1% das pensións asistenciais por viudedade e o 68,9% das causadas por enfermidade en Galicia pertencen a mulleres, estando estas pensións concentradas en ámbolos dous casos na provincia de A Coruña. ■

